



Primavera 2017

**GRUPO DE
PEQUENOS**

PRAZAS: 25 nenos e nenas nacidos **entre o 2010 e o 2013.**

DATAS: do 10 ao 12 de abril en horario de 09.00 a 14.00 h.

DESTINATARIOS/AS: alumnado de Educación Infantil e Primaria.

LUGAR: CEIP Isidro Parga Pondal, CEIP Valle Inclán e CEIP A Rabadeira.

PREZO ORIENTATIVO: Empadroados 19,00 € - Non empadroados: 24,00 €.

PREINSCRICIÓN: desde o 13 ata o 22 de marzo.

Pódese facer cubrindo a ficha da páxina seguinte e enviándoa por correo electrónico a ensino@oleiros.org ou entregándoa presencialmente nas oficinas de A Fábrica en Sta. Cristina. É **IMPORTANTE** INDICAR QUÉ COLEXIO SE ELIXE PARA O CAMPAESCOLA NA FOLLA DE INSCRICIÓN.

SORTEO: se hai máis solicitudes que prazas ofertadas en cada grupo, terá lugar un sorteo o día 27 de marzo en A Fábrica ás 11.30 h.

INSCRICIÓN: do 28 de marzo ao 3 de abril os participantes con praza terán que formalizar a inscrición en A Fábrica entregando o xustificante de pago cuberto e abonado.

REUNIÓN INFORMATIVA: o día 6 de abril ás 20.00 h no Auditorio de A Fábrica en Sta. Cristina.

Campamento de tres días onde os nenos e nenas a través de actividades artísticas e educativas, aprenderán xogando, traballaremos na súa autonomía persoal e na adquisición de hábitos saudables.

Levarán a cabo obradoiros de xoguetes, arte natural, horta ecolóxica, itinerarios e xogos tradicionais e sobre todo grandes xogos de animación.

DIAS/DATAS HORARIOS	1º DIA	2º DIA	3º DIA
9,00-9,30	Recibimento, nenas, nenos, pais, nais...		
9,30 -10,00	Asemblea inicial Programa xeral, normas de convivencia e material.... Cantiga "diver" do día e conto sorpresa	Asemblea, programa do día Conto sorpresa Cantiga "diver" do día e preparación saída	Asemblea programa do día Cantiga "diver" do día e preparación saída
10,00-10,30	Xogos de presentación e cooperativos	Itinerario ambiental de descuberta do medio próximo arredor das escolas CEIP IPP: Castelo e Parque das Galeras CEIP VI: O Parque dos Veciños CEIP Rabadeira: Bosque próximo Plantación de árbores autóctonas	Itinerario ambiental a outra parroquia (bus compartido) CEIP IPP: Monumento Natural de Dexo. Igrexa-Porto- Castro CEIP VI: Finca da Carballeira CEIP Rebadeira: Lagoa de Mera Conto relacionado cos contidos das saídas
10,30-11,15	Obradoiro creativo O xardín e flores de plastilina /Caretas con flores		
11,15-11,30	Preparación merenda: lavado mans Merendiña		
11,30-12,00	Tempo libre Xogos no parque ou patio		
12,00-13,30	Horta ecolóxica Coidado e plantación, sementeira e busca da flor máxica		
13,40-14,00	Asemblea, diario e lembanza do día despedida	Asemblea, diario e lembanza do día despedida	Asemblea final avaliativa despedida agarimosa

FOLLA DE INSCRIPCIÓN

CAMPAESCOLA 2017

É IMPORTANTE MARCAR O COLEXIO QUE SE ELIXE PARA O CAMPAMENTO

CEIP Isidro Parga Pondal ☐ CEIP Valle-Inclán ☐ CEIP A Rabadeira ☐

Nome e apelidos do/a participante:

Data de nacemento: / / DNI:

Necesidades especiais:

Intolerancias e/ou dietas:

Alerxias (con informe médico):

Medicación:

Número de tarxeta sanitaria:

Outras observacións:

AUTORIZACIÓN MATERNA/PATERNA OU DO TITOR/A

Dª/D.:

Con DNI:

Enderezo:

Nº: Andar: Letra: Código postal:

Localidade: Concello:

Teléfono 1: Teléfono 2:

Enderezo electrónico:

☐ Autorizo a que sexan realizadas fotografías ou gravacións do meu fillo/a ou representado/a participando nas actividades ás que se inscribe, que pasarán a formar parte dos arquivos gráficos das actividades do Concello e poderán ser compartidas nun arquivo gráfico con outros/as participantes ou utilizadas nas publicacións municipais, tanto impresas como electrónicas.

☐ Dou a miña autorización para que o meu fillo/a ou representado/a sexa recollido/a por:

Dª/D.: con DNI:

Dª/D.: con DNI:

Dª/D.: con DNI:

Asdo. Nai / pai / titor /a:

Oleiros, de de 201

Nota informativa: En cumprimento da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, informámolo/a de que os datos persoais desta solicitude pasarán a formar parte dun ficheiro propiedade do Concello de Oleiros, con respecto ao cal poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos establecidos na normativa vixente, mediante un escrito presentado no Rexistro Municipal ou por correo ordinario dirixido ao Centro Cultural A Fábrica (Rúa do Inglés nº 13 - 15172, Perillo - Oleiros) acompañado da fotocopia do DNI ou dun documento equivalente.

QUE HAI QUE LEVAR?

- ❑ Unha mochila pequena e cómoda para os paseños
- ❑ A merendiña sa e saudable para a media mañá
- ❑ Calzado cómodo e axeitado para camiñar e traballar na horta, que non sexa de estrea.
- ❑ Roupa cómoda e axeitada ao tempo atmosférico.
- ❑ Unha muda para posibles continxencias
- ❑ Gorriña ou pucho para o sol ou o frío
- ❑ Chuvasqueiro, por se chove
- ❑ Cantimplora ou botella de auga
- ❑ Un caderniño e un lápis: para recoller as sorpresas con palabras e bonitos debuxos.
- ❑ Lembrade de marcar toda a roupa e material que leven os nenos e nenas.
- ❑ Material de refugallo para sementeiras: vaso de iogur, tetrabrik de leite, ...

Outro material que tamén podes levar:

- Prismáticos: serviranche para observar as aves e as paisaxes.
- Instrumento de música pequeno
- Contos

Cada día informaremos aos pais e nais para que saiban o material que se necesita para o día seguinte.

Máis información

SERVIZO MUNICIPAL DE EDUCACIÓN

Teléfono: 981-610000 Extensión 4922

Correo-e: ensino@oleiros.org

HORARIO XERAL:

O horario do CAMPAESCOLA é de 09:00 a 14:00 h.

**Nota: podes consultar na web municipal www.oleiros.org
as condicións de adxudicación de prazas**